

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 46

ano 7

maio-xuño 2013

Os arquivos das institucións penitenciarias (III) **O DESTACAMENTO PENAL DAS MINAS DE CASAIO**


Entre a documentación de prisións do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, consérvase a do **Destacamento Penal das Minas de Casaio**, unha dependencia penitenciaria operativa entre novembro de 1942 e inicios de xullo de 1944 dedicada á extracción dun mineral tan importante para industria bélica como o **volframio**. Un plano de 1942 procedente dese fondo informa con gran detalle sobre o funcionamento e estruturação dese destacamento integrado por man de obra reclusa. A explotación mineira estaba composta por tres partes ben diferenciadas: o poboado, a zona industrial e a mina.

Como se pode ver na imaxe, o **poboado** atopábase afastado do destacamento quedando este completamente illado, no profundo da Serra de Camporromo, o que, segundo as actas de visita do director da Prisión Provincial de Ourense “favorece el orden total (...) y consigue la mejor disciplina de los presos”. A **zona industrial** tivo, na súa conformación, dous edificios que podemos ver marcados en vermello. O primeiro tiña dous locais anexados. Un destinado a acoller os **reclusos**, realizado en pedra e madeira e composto por dormitorio, comedor, cuarto de aseo, cociña e despensa. No tempo de maior concentración de man de obra (decembro de 1943) chegou a haber 317 reclusos e este local converteuse nun inmenso barracón con corredor e liteiras de tres alturas a cada lado. O outro local, contiguo, era a **morada do garda**. O segundo edificio, albergaba a **oficina** do destacamento e o pavillón oficial de prisións que era o aloxamento do xefe. Nos 19 meses e medio que durou o penal pasaron por el un total de 463 reclusos.

Posteriormente, ante a multiplicación do número de reclusos e funcionarios, requirírase a ampliación destas dependencias para poder acoller estes últimos, que foron instalados no **departamento de funcionarios**, edificio anexo ao anterior. Para reforzar a seguridade, tamén se instalaron un cabo e seis números da **Garda Civil** nunha pequena **casa cuartel**.

En canto á **mina**, estruturábase en seis niveis, o primeiro dos cales, a chamada Mina Principal, se integraba na zona industrial. Esta mina explotábase de maneira subterránea empregando un método de cámaras e piares e o arranque do mineral producíase mediante **perforación e voadura**. O extraído en bruto moíase

e, por un proceso de decantación, filtrábase ata que só quedaba volframio aliado con arsénico, unha aliaxe moi perniciosa para a saúde. O extraordinario valor do volframio no contexto bélico da **II Guerra Mundial** explica que para poder transportalo se chegase a construír unha **estrada** duns vinte quilómetros; así como un pequeno **salto de auga** para producir enerxía, que non sendo suficiente levou ao levantamento dunha central térmica na localidade de **Sobradelo de Valdeorras**, que entrou en funcionamento pero non para a mina.



[S. d. S. l.].

Plano do Destacamento penal de Casaio

Orixinal; letra humanística; 320 x 447 cm

AHPOu, Prisión Provincial de Ourense, carp. 10.

A Redención de Penas polo Traballo

Rematada a Guerra Civil o **xeneral Franco** negouse a conceder unha amnistía xeral aos presos políticos por crer que se interpretaría como un sinal de debilidade da ditadura. Pero o desproporcionado volume desta poboación reclusa resultaba un problema para o Estado, cuestión que se tratou paliar a través da creación do Padroado Central para a **Redención de Penas polo Traballo**. Este sistema de redención de penas, instaurado en 1937 establecía a redución dun día de condena por cada dous traballados.

En principio só podían acollerse a el os presos políticos, pero dende 1944 tamén os **presos comúns** con penas inferiores a 12 anos tamén puideron beneficiarse deste dereito. Cumpriáanse así dous fins. Un, de **adoutrinamento** do recluso, para contribuír á súa asimilación aos parámetros ideolóxicos do franquismo. E outro, de tipo **económico**, xa que a redución da condena diminuía gastos de mantemento do recluso. Asemade, aos presos entregábaselles un salario que axudaba a manter ás súas familias, evitándolle ao Estado ter que pagar a prestación social. E, por último, os penados beneficiában co seu traballo a economía nacional, axudando a levar a cabo grandes obras públicas.

O Padroado Central establecía catro modalidades de traballo: a) **destinos**, traballos eventuais e auxiliares na propia prisión, como na cociña, no economato ou como axudante de capela, moi comúns na Prisión Central de Celanova; b) **talleres penitenciarios**, como o de zapataría na Prisión Central de Figueirido; c) traballos en contacto **con obreiros libres**; d) **destacamentos penais**, como o das minas de Casaio. Nestes realizábanse obras estatais ou contratadas por empresas que adquirían a cualificación de interese nacional, polos beneficios que puideran ofrecer ao país. Os propios penados eran os que solicitaban o traslado, sempre que cumprisen unha serie de requisitos: pasar un exame de relixión, non pertencer á masonería, ter unha pena menor...

O volframio, mineral de guerra

Debido ao seu alto punto de fusión (3.660 ° C), o volframio era un mineral fundamental para a **fabricación de armas** e para a blindaxe das máquinas de guerra. É por iso que as **minas do oriente ourensán** (Valdeorras) tiveron tanta importancia nos conflitos bélicos do século XX, iniciándose a súa primeira produción en tempos da I Guerra Mundial (1914-1918) e adquirindo o maior interese na II (1939-1945). A vida das minas de Casaio pasou por tres fases: de 1913 a 1928, coñecida como a **"fase dos belgas"**, no que as minas foron explotadas por unha empresa desa nacionalidade no contexto da I Guerra Mundial; de 1937 a 1945, coñecida como a **"fase dos alemáns"** que coincidirá coa **II Guerra Mundial**, que é a que aquí analizamos; e de 1953 a 1963, no contexto da **guerra de Corea**.

Durante a segunda etapa, en setembro de 1942, a empresa Montes de Galicia S. A., (integrada no consorcio hispano-alemán SOFINDUS) solicita ao Padroado Central para a Redención de Penas polo Traballo a con-

cesión de 62 reclusos traballadores para que se incorporen ás **"Minas de Casaio, Balborrás (Carballeda de Valdeorras)"** en réxime de liberdade vixiada. A cambio, a empresa satisfaría os seguros sociais e o pagamento da seguinte maneira: debía aboar ao recluso a mesma cantidade que lle correspondía a un traballador libre do sector, é dicir, nunca menos de 8 pesetas. Pero, en realidade, o **soldo** real do penado só ascendía ás 2 pesetas, o equivalente aos gastos do seu mantemento, á asignación familiar e á asignación persoal. As



Cartela que acompañaba á documentación dos destacamentos penais. AHPOu. Prisión Provincial de Ourense.

restantes 6 pesetas eran confiscadas pola Facenda Pública en concepto da **indemnización de guerra** que tiñan que pagar os presos políticos. De aí o interese que tiña a ditadura na man de obra reclusa, un recurso que aportaba ingresos fiscais ao Estado e redución dos custos de produción grazas aos baixos salarios dos presos. En definitiva, beneficios para o Estado e para as empresas concesionarias. Nese contexto tamén se desatou unha **guerra comercial** entre a Alemaña nazi e os Aliados. A primeira será a gran beneficiaria grazas á concesión por parte do réxime franquista da explotación directa das minas, como pago das débedas que contraera Franco con **Hitler** pola axuda militar que lle prestara este durante a Guerra Civil. Non obstante, o Bando Aliado, en especial os ingleses, tamén se estableceron na contorna da mina para intentar conseguir no **mercado negro** a maior cantidade posible de volframio. O reducido volume deste mineral facilitaba o seu contrabando, de xeito que moitas familias da zona, mesmo moitos reclusos, dedicáronse a prover de volframio os Aliados.

Os documentos: de lentellas a fugas

O fondo documental do Destacamento das Minas de Casaio é moi completo e permite estudar todos os ámbitos de funcionamento desta dependencia penal. Os libros de inspección e a correspondencia informan sobre o **réxime interno**. Existen listas de penados nas que se detallan os traballos que realizaban, así como recontos dos días traballados e redimidos por aqueles, onde tamén aparecen reflectidas as baixas. Por outra banda, os expedientes dos **reclusos**, os libros das visitas que estes reciben, os expedientes de liberdade condicional e a relación de fugas, permítennos un achegamento aos individuos que traballaron e cumpriron condenas alí. Podemos estudar as **condicións de vida** a través dos rexistros médicos e de socorro e das dietas. Finalmente tamén é posible achegarse ao labor e vida dos **funcionarios** a través do libro de servizo e do libro de contabilidade das súas dietas.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

